

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 11  
SEMANAS 13-14-15/1988  
(27 de marzo ó 16 de abril)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública

20 DE XUÑO DE 1988

## PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓNS

### LIMIAR

*En 1988 as enfermidades inmunoprevenibles continúan constituíndo un importante problema de saúde pública non só no noso país, senón tamén en Europa. Esta situación ten levado á O.M.S., en decembro de 1984, na reunión de Karlovy-Vary (Checoslovaquia), a definir políticas específicas de actuación para a Rexión no marco xeral da Estratexia de Saúde Para Todos no Ano 2000.*

*As ditas políticas en materia de vacinacións definíronse en obxectivos a curto, medio e longo prazo, sendo estes últimos a supresión dos casos autóctonos de Xarampón, Poliomielite, Tetano neonatorum, Rubéola conxénita e Difteria.*

*En Galicia, desde principios dos anos oitenta, vense executando o Programa Continuado de Vacinacións, que supuxo un paso adiante respecto ás antigas Campañas, na medida que se mellorou a accesibilidade da poboación ó sistema, asegurando, polo tanto, unha maior cobertura.*

*Consonte coas recomendacións emanadas da Conferencia Europea, o PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓNS ten por obxecto o concreta-las liñas básicas de actuación no próximo trienio e dotar ó sistema de infraestructura necesaria para acadar los obxectivos fixados.*

## ***Obxectivos a curto e medio prazo en Galicia***

---

### **Poliomielite**

Para 1990: Garantir que se vacinen con *catro doses* polo menos o 90% dos menores de 2 anos.

### **Difteria**

Para 1990: Garantir que se vacinen con *catro doses* o 95% dos menores de 2 anos.

### **Tétano**

Para 1988: Garanti-la cobertura con *catro doses* alomenos o 90% dos menores de 2 anos.

Para 1989: Acadar polo menos unha cobertura vacinal do 90% en *embarazadas*, en previsión do tetano neonatorum.

Para 1990: Garanti-la vacinación con *catro doses* de polo menos o 95% dos menores de 2 anos.

### **Xarampón**

Para 1988: Asegura-la vacinación con *triple vírica* cando menos no 95% dos menores de 2 anos.

Xeneralización da vacinación con *triple vírica* nos *recoñecementos escolares* en alumnos de *primeiro curso* non vacinados previamente.

Para 1990: Mante-las taxas de cobertura con *triple vírica* por riba do 95% nos menores de 2 anos.

Garanti-las vacinacións con *triple vírica* cando menos no 95% dos *escolares* de *primeiro curso* non vacinados previamente.

### **Rubéola**

Para 1988: Garanti-la vacinación con *triple vírica* de alomenos o 95% dos menores de 2 anos.

Asegura-la vacinación con *monovalente* anti-rubéola polo menos no 90% das *nenas* de 11 anos.

Xeneralización da vacinación con *triple vírica* ós alumnos de *primeiro curso* previamente non vacinados.

Para 1990: Mante-las taxas de cobertura con vacina *triple vírica* por riba do 95% en menores de 2 anos.

Acadar unha cobertura de polo menos o 95% con *monovalente* antirrubéola en *nenas* de 11 anos.

Garantir unha cobertura con *triple vírica* de alomenos o 95% dos *escolares* de *primeiro curso* previamente non vacinados.

## ***Principios xerais das Prácticas de Vacinación***

---

Recollendo a filosofía da O.M.S. en políticas de vacinación fórmulanse os seguintes principios xerais que guiarán as actividades do Programa:

—*Acerca-los servicios de vacunación á poboación*, non entorpecendo o seu desexo ou demanda dunha organización rixida en horarios ou periodicidade.

—*O lugar de vacunación* ten que estar rodeado dun ambiente cálido e afectuoso, que mitigue o medo dos nenos.

—*Así mesmo, as súas condicións hixiénico-sanitarias* teñen que estar á altura da actividade preventiva á que está destinado.

—A vacinación é un momento idóneo para as actividades da *Educación para a Saúde*, aclarando as dúbidas presentadas e incidindo, en todo caso, nos aspectos positivos da vacinación.

—É conveniente tender a *reduci-la lista das «contraindicacións»* seguindo as recomendacións recollidas no «manual de vacinacións»:

—*A conservación das vacinas* e as técnicas de aplicación das mesmas realizaranse correctamente. A normativa ó respecto inclúese no dito «MANUAL».

## ***Modo de solicita-las vacinas***

---

### **1. Puntos de Vacinación:**

O responsable do Punto de Vacinación solicitará á Delegación Provincial corres-



pondente, o número de doses das mesmas que considere necesario, tendendo progresivamente a facer previsións trimestrais. A dita solicitude poderase facer telefonicamente ou utilizando o impreso que se lle facilita para o efecto (anexo I).

## **2. Consulta privada:**

A Delegación Provincial da Consellería facilitará ó facultativo privado que o solicite as doses de vacina necesarias para satisfacer a súa demanda, remitíndolle, coa vacina o material impreso necesario para o correcto funcionamento do Programa (anexo 4), adquirindo o solicitante o compromiso de cubrilo e enviálo.

## ***Distribución das vacinas (rede de frío)***

### **1. A nivel provincial:**

Os lotes de vacinas chegan dos laboratorios fabricantes por transporte aéreo ou terrestre e provistos de controladores de temperatura soportada. Nas Delegacións Provinciais almacénanse en cámaras frigoríficas dotadas de sistemas de *registro continuo de temperatura*, así como *grupos electróxenos* auxiliares automáticos.

### **2. Transporte ós Concellos:**

En cada Delegación Provincial haberá un *vehículo acondicionado* para o transporte das vacinas que as distribuirá ós puntos de vacinación en cada Concello de acordo cos pedidos trimestrais, e envasadas en *caixas isotérmicas* provistas de *tarxeta de control de temperatura*.

O conductor do citado vehículo recollerá periodicamente as doses de vacina non administrada por caducidade ou inutilización.

### **3. Almacenaxe nos puntos de vacinación:**

En cada punto de vacinación estable instalárase un frigorífico para *uso exclusivo do Programa*. Estará dotado de *termómetro de máxima e mínima temperatura e*

*acumuladores de frío* (criostatos), que deberán instalarse no departamento conxelador co fin de que as faltas de fluído eléctrico non alteren a temperatura interna do aparello. Co mesmo fin a neveira leva no interior, no espazo máis baixo, unhas *botellas* de material plástico que se deberán manter cheas de auga (co aparello frigorífico enviarase un Manual de instrucións par o efecto).

No caso de que se realicen vacinacións esporádicas fóra dos puntos de vacinación (Escolas, parroquias alonxadas...) o transporte das vacinas farase por medio de *neveiras portátiles* que se subministrarán cos correspondentes criostatos.

Deste xeito garantiranse as perfectas condicións inmunoxénicas das vacinas que se vaian administrar e permite gracias ós controladores de temperatura, vixiar e detectar calquera alteración na cadea de frío.

## ***Rexistros***

### **1. A nivel central:**

Con periodicidade quincenal recolleanse os listados de recién nacidos e o seu enderezo do Laboratorio de Detección Precoz de Metabolopatías e enviaranse á Dirección de Saúde de cada Delegación Provincial.

### **2. A nivel provincial:**

No momento de recibilo listado abriase unha FICHA INFORMÁTICA por cada neno, e enviarase ós pais unha carta xuntando o calendario vacinal, indicando a data da primeira vacinación e a importancia de utiliza-la *Cartilla de Saúde Infantil*.

Periodicamente a Dirección de Saúde remitirá ó responsable de cada punto de vacinación o listado de nacidos no Concello no que estea situado.

### **3. A nivel local:**

Previa á vacinación, o responsable do punto de vacinación formulará á nai de cada neno unha serie de preguntas dirixi-



ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARACI

SEMANAS 13-14-15/1988 DO

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCOCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCION MENINGOCOCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)		P
	1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
1 CEDEIRA									8	12	75					1	9		
2 ORTIGUEIRA									2	10	272		8					6	
3 NARÓN										85	504	3	11			3	21		
4 AS PONTES									2	171	1.253		11		1	1			
5 FERROL						3			19		2.267		16						
6 FENE									1	3	68	398	2			1	8		
7 PONTEDEUME						1			6	162	899		7			2	21		
8 CEE									2	389	1.987					10	67		
9 VIMIANZO									2	19	119	1	5	1	1		1		
10 PONTECESO									7	202	2.824					2	42		
11 CARBALLO						3			2	16	162	1.143		1	2	1	19		
12 ARTEIXO									1	4			2	2					
13 A CORUÑA			2		14				8		5.404		47	2	5		35		
14 CULLEREDO-O BURGO							3	2	13	52	589	3	6			7	55		
15 OLEIROS						5			2	89	493		2		1	1	6		
16 BETANZOS						1			4	24	250	2.259		1	2	7	31		
17 SANTA COMBA									11	59	417					6	42		
18 NEGREIRA									2	98	676						102		
19 ORDES						1			7	44	464	2.298		1			19	84	
20 CURTIS-TEIXEIRO										93	386					3	10		
21 SANTIAGO		2				1			4	19	721	3.974		20		23	145		
22 MELIDE									1	16	78								
23 MUROS										85	780		2	2		1	5		
24 NOIA						35			1	3	118	1.048		2	1	10	35		
25 PADRON								1	3	12	183	1.093		4		11	46		
26 BOIRO										136	614					5	29		
27 RIBEIRA										104	400		2						
28 A ESTRADA									2	3	136	900	1	10	1		7		
29 LALIN						1			4	15	489	3.004	3	4		27	111		
30 VILAGARCIA DE AROUSA			6						1	29	260	1.576	7	12	1		12		
31 CALDAS DE REIS									5	26	304					2	26		
32 VILANOVA DE AROUSA									1	188	744	3	3			1	4		
33 CAMBADOS									1	286	1.098	1	3		3	2	19		
34 O GROVE							2		2	85	338					1	9		
35 SANXENXO						1			3	1	3	112	435		4	4	1	13	
36 PONTEVEDRA								3	5	17	802	5.643	3	24	3	16	57		
37 FORCAREI										32	203					2	14		
38 MARIN						4				67	899	3	12			1	7		
39 CANGAS										184	837	1	1			3	21		
40 REDONDELA						1				132	252	2	66		1		4		
41 VIGO			44		30			6	3	43	576	11.865	2	178		3	22		
42 VAL MIÑOR-PANXON							1	1		2	98	852		5		3	21		
43 PORRIÑO								1	2	3	149	771	1	7		1	9		
44 PONTEAREAS									1	8	87	742		8		1	4		
45 A CAÑIZA									3	111	847					1	3		
46 A GUARDA									1	8	63	468	4	5		2	9		
47 TUI							1	2	4	204	1.447	1	3		1	2	16		
48 SALVATERRA DE MIÑO										64	356				6				
49 VIVEIRO									6	147	763	2	5						
50 CERVO-BURELA						3			2	7	167	665		3		4	19		
51 MONDOÑEDO		2								61	824						7		
52 RIBADEO					1	1			2	2	93	568				6	25		
53 VILALBA		1				1			1	7	54	187				8	44		
54 MEIRA						2			2	10	219	778		1		10	44		
55 FONSAGRADA									3	82	264		1			9	41		
56 GUITIRIZ									2	3	93	238							
57 RABADE		1							2	92	581					4	16		
58 LUGO		5				3			3	17	153	1.030		4		4	3	27	
59 CASTROVERDE									6	36	278		1			2	7		
60 PALAS DE REI									2	6	30					7	10		
61 MONTERROSO										24	141					8	42		
62 SARRIA		1							5	244	1.016					9	30		
63 BECERREÁ									2	10	300	1.424		1		1	4	22	
64 CHANTADA									2	6	432	1.627	1	8		26	141		
65 MONFORTE DE LEMOS		3							3	19	134	3	10			2	16		
66 QUIROGA									3	13	190						2		
67 O BARCO		7				1			4	33	419	2.240	2	8		4	15		
68 O CARBALLIÑO		2				1			1	10	337	1.838	2	15		5	27		
69 RIBADAVIA									1	15	219	1.377	1	7		6	42		
70 OURENSE						4		3	4	11	210	1.153	1	10	1	7	35	160	
71 MACEDA									4	94	586		2			6	46		
72 CASTRO-CALDELAS		1							2	5	98	377		1		1	7		
73 A POBRA DE TRIVES		1							5	74	354		3	4		2	18		
74 VIANA DO BOLO		1	3						1	6	72	386		7		10	44		
75 CELANOVA									2	8	194	717		1		5	19		
76 ALLARIZ									2	16	66	301		1		1	6		
77 BANDE							1	1	13	21	81	634				2	3		
78 XINZO DE LIMIA		1						1	7	43	197	1.003	3	3	1	1	18		
79 VERÍN		1							3	30	87	420	2	4		3	22		
80 A GUDIÑA		5							2	47	261						1		



# DECLARACIÓN OBRIGATORIA

## DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

27 DE MARZO Ó 16 DE ABRIL

MOTIVOS (072)	PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		XARAMPÓN (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIONES ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988	1988		
		10	32																			
	1		53		1				3					1	1	4	29	12	597		1	
	1	13	40												1	7	70	388				
	2	25	315		1	1			2							3	257	2.118				
	31		432			1			2					1		14		3.857				
	1	12	60		1	4			2					1	4	47	83	448				
	6	25	126			5			3		1			2	1	90	310	1.351		1		
	4	48	264		1	2								2		198	419	1.830				
	1	5	22			1					1			2	11	4	7	17	39			
		18	95								1			2	4	7	309	2.447				
		8	74											1	8	17	174	145	1.461			
		29	215								2	2		1	2	1	6	195	1.323			
	14	5	821			19			3	1	8		1	6	25	156		9.605		4		
2	6	28	81						2				1	1	31	102	183	1.732		1		
		14	65			4			1				2	3	6	12	120	837				
1	1	83	377		1	5			3		1			3	1	9	578	3.512				
1	1	25	125												10	18	116	934				
		9	18												25	67	84	529				
2	11	12	135			3		1	9		1	3		11	57	459	2.147					
3	3	3	23												8	44	286					
	11	83	509			3			3		2	1	1	1	37	224	821	5.525				
			1												1	2	110	815				
	2	24	124			2								2	5	7	235	922				
	1	23	119												13	63	304	1.870				
	10	29	159			3		1	16					2	28	77	125	596				
		31	167					4	4					1	1	3	85	544		20		
		3	13										2	4	1	13	3	14				
		45	301											1	45	379	263	1.534				
1	8	33	180			13					2		6	12	20	266	745	5.418				
1	14	56	523		1	9	1	3		2	2		3	9	10	66	644	6.451				
		3	59					5							2	41	28	335		2		
		66	435											5	11	90	298	1.284				
	1	20	121		2	4			1		1	2	2	3	10	70	232	1.038				
	2	35	117													150	863					
2	14	16	35						1					1	2	57	48	264				
4	20	227	1.402			6	6	8		3	1	2		14	80	331	1.695	11.632		2		
	1	2	16													36	202					
	2	11	53			1								2	6	47	99	595		6		
	6	8	76											2		245	1.251					
	2	20	109			1		1			1	1		1	6	20	166	1.085				
9	75	53	2.333			15		18	1	7	1	17		4	2	35	17	173	1.134	17.985		
	1	58	243			2							22		3	1	41	309	1.948			
3	113	24	122											1		21	169	806				
3	11	35	225		2	12	3	13		1					9	195	1.398		1	10		
1	3	5	69											1	2	14	29	225	1.058			
3	11	18	153			3				1						18	67	707				
	7	36	249					3	3					2	3	5	267	1.640				
51	321	24	179						1						15	127	730					
	1	36	208											1	2	9	206	1.182				
3	9	12	66											2	11	84	444	2.373				
		2	33						1					1	1		82	907				
	2	13	86		1										3	6	241	1.184				
	1	15	40		2						1		46		4	5	12	159	652			
		25	91					1		1	1			3	8	24	289	1.559				
	1	7	66					1	1	1				1	1	4	151	588				
	1	6	23											2	1	3	21	123				
	1	11	37			1									2	28	85	456				
	2	13	99		2	6		1	1	2		17		1	5	24	161	347	2.440	5	6	
1	2	5	16					2	5						1	1	30	100				
		4	6						2						1		96	808				
		5	18			1									4	5	61	115	651			
2	3	22	113											1	2	10	15	474	2.420		16	
	3	34	168		1	2			1					1	26	75	426	2.117			1	
		45	229							1						1	564	2.213				
	5	11	28			1									7	326	1.343					
	1	1	10			1							2		2	3	32	157				
	1	7	174											2	3	24	1.009	6.945				
	1	133	541						1		1			10	10	27	884	4.500				
	2	13	99			1	6		1						14	248	1.956					
2	7	49	196		1	5	1		1		4		3	8	14	37	764	4.338				
2	2	5	56		1	5			1		1			4	1	4	196	1.428				
1	1	5	27												1	1	184	656				
	1	5	22												2	2	104	707				
		3	27												1		266	1.396				
1	2	27	131					1	2					1	3	16	351	1.603				
		5	13			1	1		1		1				1	1	121	453				
	3	20	80						4						1	27	134	829		2	2	
		27	108			1								1	2	11	140	1.035				
3	12	35	142								2			1	2	4	163	1.735				
		2	7														51	380				

das a detectar algunha posible contraindicación da vacina (anexo 2). No caso de dúbida sobre a dita posibilidade, marcarase o recadro correspondente no formulario, asinarase e entregaráselle á nai para que acuda á consulta do médico ou pediatra quen será o que tome a última decisión.

Unha vez administrada a dose vacinal o responsable do punto de vacinación rexistrará os datos:

—Na CARTILLA DE SAÚDE INFANTIL, do/a neno/a (anexo 3).

—Na FICHA DE RELACIÓN NOMINAL (anexo 4), documento autocopiativo.

O orixinal se remitirá mensualmente á Delegación Provincial correspondente.

No nivel provincial, cos datos obtidos na FICHA RELACIÓN NOMINAL (anexo 4), cubriranse as FICHAS INFORMÁTICAS individuais. Periodicamente a Sección de Epidemioloxía da Delegación Provincial remitiralle ó responsable do

punto de vacinación un listado de nenos e nenas que, segundo o rexistro informático, presenten notorias deficiencias no cumprimento do calendario vacinal.

### ***Avaliación***

Levarase a cabo anualmente a tres niveis: Local, Provincial e Central, utilizando tres indicadores principais:

—*Taxa de cobertura:*

Doses administradas / doses teóricas que se tiñan que administrar.

—*Taxa de utilización das vacinas:*

Doses administradas / doses solicitadas.

—*Taxa de vacunados con series programadas:*

Nenos vacunados coas doses programadas / nenos en idade de vacinación.

Paralelamente continuarase e extremarase a Vixiancia Epidemiolóxica das enfermidades obxecto do Programa.

## ANEXO 1

		CONSELLERÍA DE SANIDADE DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA PROGRAMA DE VACINACIÓNS		• Provincia: _____ • Concello: _____ • Punto de vacinación: _____					
<b>SOLICITUDE DE SUMINISTRO TRIMESTRAL DE VACINAS          E MATERIAL DE INMUNIZACIÓN</b>									
									OUTRAS VACINAS
	POLIO	D.T.P.	D.T.	TRIPLE VIRICA	XARAMPÓN	RUBEOLA	PAROTIDITE	TETANO	
N.º DE DOSES SOLICITADAS									
<b>NECESIDADES DE</b> AGULLAS <input type="checkbox"/> XERINGAS <input type="checkbox"/>									
<small>* Marque con x si que precisa</small>									
Sinatura: O Responsable do Punto de vacinación  Data: / /									





## **Premios**

---

- Premio «Caixa de Aforros de Galicia» para traballos sobre «Estudio médico-xeográfico e epidemiolóxico dun partido xudicial de calquera das catro provincias galegas, agás Noia, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Carballo, A Coruña, Zas, Coreubión e Santiago de Compostela».  
Información: Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. Durán Loriga, s/n. A Coruña. Telf.: 224940.  
Envío de traballos ata o 1 de outubro.

## **Cursos**

---

- Curso Intensivo de Demografía Sanitaria.  
Madrid, 20-24 de xuño (Grupo A) e 27 de xuño-1 de xullo (Grupo B).  
Información: ADEPS. Medicina Preventiva-Area de Salud, 4.ª N. Hospital Universitario de San Carlos - 28040 Madrid - Telf. 2437504.
- II Curso Internacional de Promoción de la Salud en el Sur de Europa y Area Mediterránea: Políticas Saludables en el Ámbito Local. Curso anual EASP-OMS.  
Granada, 20 de xuño-1 de xullo.  
Información: Escuela Andaluza de Salud Pública.  
Avda. del Sur, 11 - Granada - Telf. 280766.
- Curso ICT - Area de Salud sobre Funciones de Gestión. Barcelona - Madrid, 27 de xuño - 16 de decembro.  
Información: ICT - Hospital. Tuset 19-6.º - 2.ª  
08006 - Barcelona. Telf. 93-2013366.

## **Outros**

---

- X Xogos Mundiais da Medicina.  
Lyon (Francia), 19 ó 25 de xuño.  
Información: A. Gil Pasaje de Sta. Rita, 4-2.º D.  
08035 Benidorm (Alicante).

## **Cursos**

---

- IV Conferencia Internacional sobre Sistemas Científicos en el Cuidado de la Salud. Lyon - Francia, 4 - 8 de xullo.  
Información: Jean Riondet, G.S. Sante, Bât 101, Lyon I, 43 Bd. du 11 Novembre 1918. F-69622. Villeurbanne Cedex France. Telf. 3372407093.

**Subscripción e envío gratuito. Solicitudes:** Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.  
San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública